

## BANDO INFORMATIVO

**APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE DAS AXUDAS URXENTES DE TIPO SOCIAL (AUXS)  
PARA EVITAR OS CORTES DE SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA AS PERSOAS  
CONSUMIDORAS VULNERABLES SEVERAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE do Concello de Oroso (A Coruña)

**INFORMA:** Da apertura do prazo de solicitude das axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica ás persoas consumidoras vulnerables severas en risco de exclusión social convocadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

**CONTIDO:** Concesión de axudas urxentes de tipo social para o pagamento da factura eléctrica das persoas que teñan a consideración de consumidor vulnerable severo en risco de exclusión social. Terán esta consideración aquelas persoas que reúnan os requisitos para ser consumidor vulnerable severo establecidos no artigo 3 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, cos límites de renda establecidos no punto 4 do citado artigo e, ademais, estean en risco de exclusión social.

### GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA:

1. Os gastos subvencionables serán o 50 % do importe das facturas de electricidade correspondentes á vivenda habitual da persoa solicitante acollida á tarifa de último recurso (TUR) para consumidor vulnerable severo, que estean pendentes de pagamento na data da solicitude e emitidas antes do 15 de decembro de 2018 por unha comercializadora de referencia (COR) que teña asinado un protocolo de colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria para evitar os cortes de subministración.
2. A contía da subvención será unha cantidade fixa máxima por solicitante de 250 €/ano, ou de 400 €/ano no caso de familias numerosas, que se irá pagando segundo a comercializadora remita as correspondentes facturas á Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** 17 de decembro de 2018

**PARA MÁIS INFORMACIÓN:** Departamento de servizos sociais. Rúa do deporte, baixo. Cita previa no teléfono 981 688 950

**NORMATIVA:** Ver DOG nº 127 do 04/7/2018

Oroso a 6 de xullo de 2018  
O alcalde

Manuel Miras Franqueira

